

# SAÍDAS DIDÁCTICAS

## 1º. PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME-MOSTEIRO DE CAAVEIRO

**DESCRICIÓN E CONTIDO DA VISITA:**

**SAÍDA AS PONTES: 11.00 HORAS**

**CHEGADA AS PONTES: 19.00 HORAS**

**POSIBILIDADE RECOLLIDA AUTOBÚS EN CABANAS**

**RECOMENDACIÓN: ZAPATO CÓMODO**

**LEVAR A COMIDA**

**MÁXIMO PARTICIPANTES: 50 PERSOAS**

### FRAGAS DO EUME

Considerada como unha das xoias forestais ibéricas, as Fragas do Río Eume constitúen o máis importante exemplo supervivente de bosque autóctono sobre a franxa litoral de Galicia. O parque natural Fragas do Eume acolle nas súas 9.125 hectáreas de superficie o que foi considerado mellor bosque atlántico desta fachada europea.

Os bosques de carballos que aquí chamamos "fragas" dominan a maior parte deste territorio. Hoxe en día, o seu enorme valor patrimonial pódese valorar desde dúas vertentes. Por unha parte, a xeneralidade dunha paisaxe moi similar ao que fai miles de anos poboaba a maior parte de Galicia. Por outra, a singularidade aportada por diferentes especies que por raras, ameazadas, ou por situarse fóra da súa área normal de distribución, considéranse de gran valor no ámbito científico.

Este inaudito valor ecolóxico complementase co intenso sabor medieval dos dous mosteiros existentes na área, o de Monfero e o de **Caaveiro**, encravado no corazón mesmo da fraga.

### MOSTEIRO DE S. XOÁN DE CAAVEIRO

A súa fundación remóntase ao século X, pero a súa orixe debe ser moi remota, asociándose aos movementos eremíticos dos inicios da relixiosidade no país. Máis tarde foi mosteiro beneditino e por último, e hasta a desamortización, foi de cóengos regulares de S. Agustín.

É un mosteiro románico como amosa a súa ábsida, aínda que está reformado.

Abandonado durante a desamortización, foi mercado por un particular, Pío García Espinosa, que o converteu en casa particular. O seu emprazamento é único, pois situase nun meandro que forman os ríos Eume e Sesín, e tamén por estar situado no corazón das Fragas do Eume.

## **2º. ROTEIRO INDUSTRIAL: A RUTA DO MACIÑEIRA-SOTAVENTO**

**DESCRICIÓN E CONTIDO VISITA:**

**SAÍDA AS PONTES: 11.00 HORAS**

**CHEGADA AS PONTES: 19.00 HORAS**

**MÁXIMO PARTICIPANTES: 50 PERSOAS MAÑÁ E 50 PERSOAS TARDE**

### **A RUTA DA MANCIÑEIRA**

O inicio da ruta sitúase no lugar de Vilavella, onde desemboca o río Maciñeira no río Eume.

Á dereita do punto de partida sitúase a central térmica e polo lugar pasa o gasoducto procedente de Mugarodos, que abastece os novos ciclos combinados da Central.

Partimos dunha paisaxe industrial que continúa coas vistas sobre o polígono de Penapurreira, para introducirse pouco a pouco en paisaxes naturais onde atopamos o bosque autóctono, no que aproveitaremos para descubrir o sistema tradicional para a elaboración do carbón vexetal.

Pasaremos polos lugares de porto de Frades, Cameleiro, Regalados, Palmeiro e As Ferreiras, pasando tamén polo nacemento do arroyo de Gallel e da igrexa ata chegar ao pantano do Eume.

A ruta remata na ladeira, unha terraza espectacular sobre o pantano do Eume, que tamén conta cunha vista privilexiada sobre o canón do Eume.

Duración variante reducida: 2,30 h

Lonxitude variante reducida: 6 km

Dificultade: media a baixa

### **PARQUE EÓLICO DE SOTAVENTO**

Atópase situado na comarca da Serra da Loba, a 10 km ao sur das Pontes de García Rodríguez, entre os termos municipais de Xermade (LUGO) e Monfero (A CORUÑA) e a unha altitude entre 600-700 m.

A Xunta de Galicia apostou nos últimos anos, dunha maneira decisiva, polas enerxías renovables, e en especial pola eólica, desenvolvendo o Plano Eólico de Galicia.

Dentro deste marco, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio promoveu e desenvolveu a idea de non cinguir o Plano Eólico de Galicia, en exclusiva, ao ámbito comercial, co obxectivo de crear un parque eólico que fose rendible economicamente e que perseguise, ademais, dous obxectivos novos, o divulgativo e o formativo.

Deste proxecto xurdiu no 1997 SOTAVENTO GALICIA, S.A. como un Parque Eólico Experimental. Nesta Sociedade promovida pola Xunta de Galicia participan tres entidades públicas que forman o 51% do capital social: Instituto

Enerxético de Galicia (INEGA), SODIGA GALICIA, e o Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE), así como catro empresas privadas en representación do sector eléctrico de Galicia: Endesa Coxeración e Renovables, Unión Fenosa Enerxías Especiais, Iberdrola Enerxías Renovables de Galicia e Enerxía de Galicia, S.A. (ENGASA).

O obxectivo de SOTAVENTO, de acordo coa súa idea orixinaria, é perseguir ademais da explotación comercial dun parque eólico, outros obxectivos que dificilmente serían formulados con iniciativa privada:

### **Parque escaparate**

Quere ser un parque "escaparate", no sentido de que nun só parque atópanse representadas as diferentes tecnoloxías de aeroxeradores que están implantados en Galicia.

Este Parque Eólico consta de 24 aeroxeradores de 5 das tecnoloxías implantadas nos parques eólicos de Galicia, con 9 modelos de máquinas diferentes.

### **Marco para actividades de investigación e desenvolvemento**

Como parque eólico experimental no cal están presentes as diferentes tecnoloxías de aeroxeradores existentes na actualidade en Galicia, é un sitio ideal para o desenvolvemento de proxectos de I+D.

Sotavento dotouse para iso de medios técnicos e instalacións de primeira liña para poder realizar estas actuacións.

### **DATOS TÉCNICOS:**

Os datos técnicos máis relevantes son os seguintes:

Nº aeroxeradores: 24

Tecnoloxías presentes: 5

Máquinas diferentes: 9

Potencia nominal do parque: 17,56 MW

Xeración anual prevista: 38.500 MWh

Liña de evacuación de 9 km ata a subestación de Mourela, de Unión Fenosa a 132 Kv

Ventos predominantes: sudoeste (SO) e norleste (NE)

Velocidade media anual:  $\pm 7$ m/s

### **3º. EXPLOTACIÓN MINEIRA DE MEIRAMA**

Na parte noroeste de Galicia, a uns 25 km. da Coruña, atópase a bacía de Meirama, pertencente ao Concello de Cerceda. O val de Meirama é estreito e alongado. Ten unha lonxitude de 3,5 km. e unha anchura de 1 km. A súa altitude media é duns 200 m sobre o nivel do mar e polo seu interior discorría o leito do río Barcés, aprovisionamento de auga da cidade da Coruña.

No ano 1980, LIMEISA inicia os traballos de desmonte cos que comeza a explotación mineira, e no 1981 complétase a posta en marcha do complexo enerxético co arranque da central térmica dun só grupo e unha potencia instalada de 550 megavatios.

Inicialmente proxectouse un ritmo de produción de lignito de 3,8 Mt/ano, que aumentou ata 4,5 polo incremento do consumo da Central. Na actualidade, tras máis de 22 anos de explotación, estase a facer un estudio integral para a recuperación do val de Meirama. Como solución integradora da enorme focha causada pola explotación mineira, albíscase como mellor opción a creación dun gran lago cunha superficie de 150 hectáreas, que se utilizará para abastecer os recursos hídricos das poboacións circundantes, e tamén como lugar de lecer para as cidades máis próximas.

#### **4º. SOGAMA**

A Sociedade Galega de Medio Ambiente é unha empresa situada no Concello de Cerceda, que ten como obxectivo a valorización enerxética dos residuos urbanos dunha gran parte do territorio galego. Nace no ano 1992 e na actualidade está conformada por todo un Complexo Medioambiental integrado por catro grandes plantas:

- Planta de Reciclaxe, onde se recollen os materiais procedentes do contedor amarelo, e se separan para o seu posterior envío aos centros de reciclado.

- Planta de Elaboración de Combustible, onde se produce o CDR (Combustible Derivado de Residuos), que será sometido a combustión.

- Planta de Coxeración, alimentada por gas natural e cunha potencia instalada de 22 MW, que xera enerxía eléctrica para consumo propio e calor para secado do CDR.

- Planta Termoeléctrica, cunha potencia instalada de 50 MW, que xera enerxía eléctrica utilizando o CDR. Esta enerxía envíase á rede eléctrica e pode abastecer a 100.000 fogares.

Sogama tamén ten unha vocación divulgativa, consciente da gran importancia da participación cidadán na xestión dos residuos. Para elo, prográmanse unha serie de visitas, un programa radiofónico semanal de educación ambiental, a edición dunha revista e a participación en congresos, seminarios, feiras e todo tipo de actos de concienciación cidadán e divulgación do coñecemento.